

CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que en virtude do seu nomeamento por Decreto 148/2016, do 13 de novembro, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 74/2018, de 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios.



De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conforme ao disposto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Ademais, de conformidade co artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000), a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

Terceiro.- Que de conformidade cos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a



satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de vecinos, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como *“un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá.”* E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

Cuarto.- Que a Xunta de Galicia con motivo da problemática xerada polo avance da avespas asiática na Comunidade Autónoma, puxo en marcha un Protocolo de vixilancia e control fronte a esta especie no ano 2014 co fin de minimizar a incidencia que ao respecto ten esta especie sobre as producións apícolas e sobre a seguridade cidadá. Este Protocolo recolle as actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento desta especie, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. Este programa inclúe fundamentalmente actividades relacionadas coa detección precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños sempre que sexa posible.

Ata o momento, as actuacións para a retirada dos niños de vespa velutina foron realizadas, dependendo das zonas, polos concellos colaboradores directamente, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e pola Consellería do Medio Rural.

Para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta de Galicia e a Fegamp acordan poñer en marcha de forma coordinada e conxunta o citado programa en 2020, o que implicará para a administración autonómica a coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da vespa velutina en todo o territorio galego coa colaboración dos concellos que se adhiran. As actuacións consistirán en redobrar esforzos e concentrar os recursos, ofrecendo unha actuación profesional e



eficaz.

Na data de sinatura deste convenio, 277 concellos galegos amosaron expresamente a súa intención de coordinarse para a execución do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (Vespa Velutina) en 2020. No anexo I a este convenio se relacionan eses 277 concellos.

Como consecuencia do exposto, en atención ao obxectivo último de conseguir a máxima eficiencia e coa finalidade de axilizar as tramitacións administrativas necesarias para alcanzar a coordinación pretendida, asínase este convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a FEGAMP.

Así, as partes reunidas acordan suscribir o presente convenio para a coordinación de actuación no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (Vespa Velutina) en 2020, en base ás seguintes:

CLAÚSULAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco para executar de xeito coordinado a posta en marcha do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (Vespa Velutina) en 2020 entre a Xunta de Galicia e os concellos que se adhiran.

Este convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo

O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia e para a toda a Administración local de Galicia, incluíndo as Entidades Locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da



Administración local de Galicia.

Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como Anexo II, coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da vespa velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e que tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

O citado programa recolle fundamentalmente actividades relacionadas coa detección precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños sempre que sexa posible.

A Xunta de Galicia coordinará as súa actividade de control de niños de vespa velutina coas entidades locais que adhiran mediante a sinatura do Anexo II deste convenio, que asumirán as obrigas establecidas na disposición oitava.

Non obstante, a Xunta de Galicia coordinará a súa actividade desde a sinatura deste convenio respecto dos concellos relacionados no anexo I, sen prexuízo de que no prazo máximo de 1 mes ratifiquen a súa adhesión coa sinatura do anexo II.

Cuarta.- Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

Quinta. Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2020, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.



Sexta. Resolución do convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Sétima.-Coordinar a execución do programa

A Administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de vespa velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:

1. Potenciar o portal de internet “Eido local” (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas Entidades Locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de vespa velutina e tendo en conta este medio para a súa relación por medios electrónicos coas Entidades Locais.
2. Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás Entidades Locais que se adhiran ao presente convenio da xestión de todos os avisos de niños de vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.
3. Garantir nos concellos que se adhiran a xestión dos avisos de presenza de niños de Vespa Velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avespas asiáticas, o que suporá a realización das seguintes actuacións:
 - Revisión dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de *Vespa velutina* recibidos e rexistrados a través da aplicación <http://www.controlvelutina.es/> mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.



- Eliminación/neutralización de niños activos de avespas asiáticas situados a menos de 25 metros do chan, ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días laborais.

Neste tempo de resolución non contabilizarán cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

- Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos.

CAPÍTULO TERCEIRO. OBRIGAS DAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE SE ADHIRAN

Oitava.- Facilitar a execución do programa

Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as Entidades Locais de Galicia que asinen a súa adhesión ao presente convenio, comprométese a:

- Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de vespa velutina, a requirimento da Xunta de Galicia.
- Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de vespa velutina da Xunta de Galicia.



- Permitir a coordinación a través do portal de internet “Eido local” (www.eidolocal.gal)

CAPÍTULO CUARTO. OBRIGAS DA FEGAMP

Novena.- Informar para facilitar a execución do programa

- Coordinarse coa Xunta de Galicia e con todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao programa de vixilancia e control da vespa velutina da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO QUINTO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Décima. Seguimento da execución do convenio

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia e Consellería da Administración Públicas e Xustiza, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da Fegamp.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio

CAPÍTULO SEXTO. FINANCIAMENTO

Décimoprimeira. Financiamento

A Administración da comunidade autónoma de Galicia e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á posta en marcha e desenvolvemento do programa para a retirada e eliminación dos niños da vespa velutina en todo o territorio galego mediante a realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio que en cada caso serán de conta da administración que as realice.

CAPÍTULO SÉTIMO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Décimosegunda.- Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.



Décimoterceira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimocuarta.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

Presidente da Federación Galega de Municipios e
Provincias

D. Alfonso Rueda Valenzuela

D. Alberto Varela Paz



ANEXO I

CONCELLOS QUE CON CARÁCTER PREVIO A ESTE CONVENIO AMOSAN INTERESE EN ADHERIRSE

Abadín	Beade	Carballedo
Abegondo	Beariz	Carballiño, O
Agolada	Becerreá	Cariño
Alfoz	Begonte	Carnota
Allariz	Bergondo	Carral
Ames	Betanzos	Cartelle
Amoeiro	Blancos, Os	Castrelo de Miño
Antas de Ulla	Boborás	Castrelo do Val
Aranga	Boiro	Castro Caldelas
Arbo	Bola, A	Castro de Rei
Ares	Bolo, O	Castroverde
Arnoia, A	Boqueixón	Catoira
Arteixo	Bóveda	Cedeira
Arzúa	Brión	Cee
Avión	Bueu	Cenlle
Baiona	Burela	Cerceda
Baleira	Cabanas	Cerdedo - Cotobade
Baltar	Caldas de Reis	Cerdido
Baña, A	Calvos de Randín	Cervantes
Bande	Camariñas	Cervo
Baños de Molgas	Cambados	Chandreja de Queixa
Baralla	Cambre	Chantada
Barbadás	Campo Lameiro	Coirós
Barco de Valdeorras, O	Cañiza, A	Coles
Barreiros	Carballeda de Avia	Corcubión
Barro	Carballeda de Valdeorras	Corgo, O



Coristanco	Irixo, O	Monforte de Lemos
Cortegada	Irixoa	Montederramo
Covelo	Lama, A	Monterroso
Crecente	Laracha, A	Moraña
Cualedro	Larouco	Mos
Culleredo	Laxe	Mugardos
Curtis	Leiro	Muiños
Dodro	Lobios	Muras
Dozón	Lourenzá	Muros
Dumbría	Lugo	Muxía
Entrimo	Maceda	Narón
Esgos	Malpica de Bergantiños	Navia de Suarna
Estrada, A	Mañón	Neda
Fene	Manzaneda	Negreira
Ferrol	Marín	Negueira de Muñiz
Folgo do Courel	Maside	Neves, As
Fonsagrada, A	Mazaricos	Nigrán
Forcarei	Melón	Nogais, As
Fornelos de Montes	Merca, A	Nogueira de Ramuín
Foz	Mesía	Noia
Frades	Mezquita, A	Oia
Friol	Miño	Oímbra
Gomesende	Moaña	Oleiros
Gondomar	Moeche	Ordes
Guarda, A	Mondariz	Oroso
Guitiriz	Mondariz-Balneario	Ourense
Guntín	Mondoñedo	Ourol
Incio, O	Monfero	Outes



Oza-Cesuras	Porqueira	San Cristovo de Cea
Paderne	Porriño, O	San Sadurniño
Paderne de Allariz	Portas	Santa Comba
Padrenda	Porto do Son	Santiago de Compostela
Padrón	Punxín	Santiso
Pantón	Quintela de Leirado	Sanxenxo
Parada de Sil	Quiroga	Sarria
Paradela	Rábade	Saviñao, O
Pastoriza, A	Rairiz de Veiga	Silleda
Pazos de Borbén	Ramirás	Sober
Pedrafita do Cebreiro	Redondela	Sobrado
Pereiro de Aguiar, O	Rianxo	Somozas, As
Peroxa, A	Ribadavia	Soutomaior
Petín	Ribadeo	Taboada
Pino, O	Ribas de Sil	Taboadela
Piñor	Ribeira de Piquín	Teixeira, A
Pobra de Trives, A	Riós	Teo
Pobra do Brollón, A	Riotorto	Toén
Pobra do Caramiñal, A	Rodeiro	Tomiño
Poio	Rois	Toques
Pol	Rosal, O	Tordoia
Ponteareas	Rúa, A	Touro
Ponteceso	Rubiá	Trabada
Pontecesures	Salceda de Caselas	Trasmiras
Pontedeume	Salvaterra de Miño	Trazo
Pontenova, A	Samos	Triacastela
Pontes de García Rodríguez, As	San Amaro	Tui
Pontevedra	San Cibrao das Viñas	Val do Dubra



Valadouro, O

Valdoviño

Valga

Vedra

Veiga, A

Verea

Viana do Bolo

Vicedo, O

Vigo

Vila de Cruces

Vilaboa

Vilagarcía de Arousa

Vilamarín

Vilamartín de Valdeorras

Vilar de Barrio

Vilardevós

Vilariño de Conso

Vilarmajor

Vimianzo

Viveiro

XermadE

Xinzo de Limia

Xove

Xunqueira de Ambía

Zas

ANEXO II
PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

DECLARA:

Que o (órgano competente) de (Entidade Local) acordou, con data____de_____ de 2020 , solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Asiática (Vespa Velutina) e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeción plena a todas elas.

(Lugar, data e firma)